

INSTRUMENTOS TRADICIONAIS GALEGOS


TAMBOR

Instrumento de percusión de parche que se toca con dúas baquetas. É un dos instrumentos máis típicos para as seccións rítmicas dos conxuntos musicais galegos.




GAITA

Instrumento de vento madeira con lingüeta dobre. Un dos instrumentos máis característicos da música galega que por norma xeral leva a voz principal da melodía nos conxuntos instrumentais.




PANDEIRETA

Instrumento de percusión de parche con sonaxas. Moi empregado na música tradicional galega para acompañar melodías cantadas por voces femininas (grupos de pandereiteiras)




BOMBO

Instrumento de percusión de parche. Tócase con mazas e representa o instrumento tradicional galego de acompañamento rítmico máis grave.



ACORDEÓN

Instrumento de vento que conta cun teclado e un fuelle. Representa principalmente a parte harmónica nos conxuntos instrumentais acompañando á melodía.



CUNCHAS

Instrumento de percusión extraído directamente da natureza. Son dúas cunchas de vieiras que se raspan e chocan entre si.

